

CONVOCATORIA 2021 DE AXUDAS ÁS ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN «EUROPA EXCELENCIA» DA AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN

No B.O.E. de data 1 de xuño de 2021 publicouse o extracto da convocatoria 2021 de axudas ás accións de dinamización «Europa Excelencia», cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 552693 (clic [AQUÍ](#))

Trátase dunha nova convocatoria de axudas da Axencia Estatal de Investigación (AEI) incluída no Programa Estatal de Xeración de Coñecemento e Fortalecemento Científico e Tecnolóxico do Sistema de I+D+i, Subprograma Estatal de Xeración de Coñecemento, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2017-2020.

Estas axudas teñen como finalidade mellorar o éxito da participación española nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación, nas modalidades de «Starting Grants» e «Consolidator Grants»

Nesta convocatoria só poden participar os proxectos que xa foran presentados na convocatoria 2020 das referidas modalidades e seleccionados polo Consello Europeo de Investigación. O prazo de presentación de solicitudes é do **10 ao 24 de xuño do 2021 ás 14:00 h.**

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convocatoria.

CONVOCATORIA
2021 DE
AXUDAS ÁS
ACCIÓNS DE
DINAMIZACIÓN
«EUROPA
EXCELENCIA» DA
AXENCIA
ESTATAL DE
INVESTIGACIÓN

Resolución da
convocatoria da
AEI 2021 "Europa
Excelencia"